

Data: Luns, 02 Xuño 2014 [11:30:39]
De: Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos
 <dxcrhh@edu.xunta.es>
A: ies.laxeiro@edu.xunta.es
Asunto: Axudas libros de texto 2014-2015
Impreso por: IES LAXEIRO

Principais novidades da convocatoria de axudas para a adquisición de libros de texto Curso escolar 2014-2015

Sr./a. director/a do centro:

No Diario Oficial de Galicia do 30 de maio de 2014 sae publicada a Orde do 28 de maio de 2014 pola que se convocan axudas para a adquisición de libros de texto destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial en centros sostidos con fondos públicos, para o seu uso no curso escolar 2014-2015.

Coa finalidade de que os centros poidan levar a cabo o labor de información e asesorament das persoas interesadas para cubrir as solicitudes de xeito correcto e para que achegue a documentación requirida na orde, esta dirección xeral infórmalle das novidades desta convocatoria:

1. A finalidade das axudas é a adquisición **exclusivamente de libros de texto** (non se pode adquirir con cargo ao vale material didáctico nin complementario)

Non obstante, o alumnado matriculado en educación especial, así como aquel que teña recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 65% poderá adquirir os libros, material didáctico e complementario que o centro docente determine en cada caso.

2. O alumnado ten a obriga de **conservar en bo estado os libros de texto** adquiridos na súa integridade con cargo ao importe das axudas, así como **incorporalos**, ao rematar o curso escolar 2014/2015 (xuño ou setembro, segundo o caso), **a un fondo solidario** que se constituirá no centro (banco de libros).

Exclúese desta obriga ao alumnado de 1º e 2º de educación primaria, así como o alumnado de educación especial e aquel cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, nos casos en que o material adquirido con cargo á axuda non poida ser reutilizado.

O director xeral de Centros e Recursos Humanos
José Manuel Pinal Rodríguez

